

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DECRETO 174/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas especialidades de bens arqueolóxicos, escultura e pintura, na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece os principios xerais que deben rexer o sistema educativo e, no seu artigo 46, que a definición do contido das ensinanzas artísticas superiores, así como a súa avaliación, se fará no contexto da ordenación da educación superior española no marco europeo. Así mesmo, no seu artigo 58.1 establece que corresponde ao Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas e ao Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, definir a estrutura e o contido básicos dos diferentes estudos de ensinanzas artísticas superiores regulados na lei.

En virtude da citada lei orgánica, publicouse o Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas na dita lei. Conforme o artigo 11 deste, o Goberno definirá, de acordo coas directrices establecidas no real decreto, e logo de consulta ás comunidades autónomas e ao Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, o contido básico a que deberán adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención dos títulos superiores de ensinanzas artísticas nas correspondentes especialidades, que se referirá ás competencias, ás materias e aos seus descritores, contidos e número de créditos correspondentes. Así mesmo, establece o dito artigo que as administracións educativas, no ámbito das súas competencias, aprobarán o plan de estudos correspondente a cada título, de acordo co establecido no real decreto e que os ditos plans de estudos deben publicarse nos respectivos boletíns oficiais.

En desenvolvemento das previsións do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, promulgouse o Real decreto 635/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Por outra banda, o Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, establece o Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES).



Finalmente, o Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, regula a expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no que se fixa o modelo do suplemento europeo ao título de ensinanzas artísticas superiores.

Xa que logo, e a fin de dar cumprimento ao artigo 23 do Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no curso académico 2010/2011 iniciouse a implantación das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais coa publicación da Orde do 30 de setembro de 2010 pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ás ditas ensinanzas.

En consecuencia, iniciada a implantación das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, cómpre agora desenvolver plenamente a normativa aplicable a través do presente decreto, que ten por obxecto establecer, vista a proposta dos centros, o plan de estudos e entre as súas finalidades a de deseñar estes con identidade propia e adaptados ás particularidades dos centros que os imparten, que aproveiten eficazmente os seus recursos humanos e materiais, en función da súa tradición pedagóxica e do seu contorno sociocultural, con criterios de rigor, calidade e excelencia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, logo dos ditames do Consello Escolar de Galicia e do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores, de acordo co Consello Consultivo, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e nove de outubro de dous mil quince,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. O presente decreto ten por obxecto establecer o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas especialidades de bens arqueolóxicos, escultura e pintura ao abeiro do disposto no Real decreto 635/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de



Conservación e Restauración de Bens Culturais establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. O presente decreto será de aplicación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. Centros de ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais

1. Os estudos superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais cursaranse nos centros superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

2. Asemade, as ensinanzas artísticas oficiais de máster reguladas no Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, impartiranse nos ditos centros. Os estudos de doutoramento regulados no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, poderán impartirse nas escolas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais mediante convenios coas universidades. A competencia para subscribir os ditos convenios corresponde á consellería competente en materia de educación.

3. A consellería competente en materia de educación establecerá medidas que favorezan a autonomía pedagóxica, de organización e de xestión de que dispoñen estas escolas para o exercicio das súas actividades docentes, investigadoras e de difusión do coñecemento, a fin de garantir o cumprimento das súas funcións como centros educativos superiores do Espazo europeo de educación superior.

4. Os centros de ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais fomentarán programas de investigación científica e técnica propios desta disciplina para contribuir á xeración e difusión do coñecemento e á innovación no dito ámbito. A consellería competente en materia de educación establecerá os mecanismos axeitados para que estas escolas poidan realizar ou dar soporte á investigación científica e técnica, que lles permita integrarse no Sistema español de ciencia e tecnoloxía.

Artigo 3. Finalidade das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais e perfil profesional

1. As ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais terán como obxectivo a formación cualificada de profesionais competentes para definir,



dirixir e realizar o estudo técnico, a preservación, a conservación e a restauración dos bens e obxectos que integran o patrimonio cultural, con capacidade de resposta aos cambios sociais e tecnolóxicos que se vaian producindo.

2. O perfil profesional do/a titulado/a superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais é o dunha persoa técnica cualificada para analizar e diagnosticar o estado de conservación de bens culturais, definir, planificar e executar estratexias, plans e tratamentos de conservación-restauración e redactar e dirixir proxectos de conservación-restauración. Este/a profesional estará capacitado/a para participar na xestión de coleccións e responsabilizarse da súa conservación preventiva, para asesorar tecnicamente e para o exercicio da investigación e da docencia.

3. Os/as titulados/as superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais estarán capacitados/as para o exercicio da creación e da investigación.

Artigo 4. *Título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais*

A superación das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais dará lugar á obtención do título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, especificando a especialidade correspondente, que queda incluído para todos os efectos no nivel 2 do Marco español de cualificacións para a educación superior e será equivalente ao título universitario de grao. Sempre que a normativa aplicable exixa estar en posesión do título universitario de grao, entenderase que cumpre este requisito quen estea en posesión do título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

Artigo 5. *Acceso e proba específica*

1. Para o acceso ás ensinanzas oficiais conducentes ao título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, requirirase cumprir os requisitos establecidos no artigo 56.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 12 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro.

2. Para os/as maiores de dezoito anos de idade que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 12 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, a consellería competente en materia de educación, a través da dirección xeral correspondente, regulará, convocará e organizará unha proba anual que acredite que o/a aspirante posúe os coñecementos, habilidades e aptitudes necesarios para cursar con aproveitamento as correspondentes ensinanzas.



3. A proba específica de acceso a estes estudos terá como finalidade valorar a madurez, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas.

4. A consellería competente en materia de educación, a través da dirección xeral correspondente, convocará, organizará, desenvolverá e avaliará, con carácter anual, unha proba específica de acceso a estes estudos.

5. A superación da proba a que fai referencia o punto anterior faculta unicamente para matricularse no curso académico para a que fora convocada.

6. De acordo co establecido no artigo 5.7 do Real decreto 635/2010, do 14 de maio, poderá acceder directamente ás ensinanzas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, sen necesidade de realizar a proba específica de acceso, quen estea en posesión do título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño, na porcentaxe que a consellería competente en materia de educación determine.

Artigo 6. Contido do plan de estudos conducentes á obtención do título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais

1. As ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais abranguerán unha formación básica e unha formación especializada orientada á preparación para o exercicio profesional. Para a consecución da dita finalidade, estes estudos desenvolverán de xeito integrador capacidades artísticas, científicas e tecnolóxicas.

2. As competencias transversais, xerais e específicas e os perfís profesionais definidos para cada unha das especialidades son os establecidos nos anexos.

3. O plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais que se establece no decreto abrangue, para cada unha das especialidades, 4 cursos académicos cun total de 240 créditos.

4. Cada un dos cursos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais terá 60 créditos ECTS, cunha equivalencia de 25 horas por crédito, e a súa duración será de 38 semanas, incluíndo os períodos lectivos e os dedicados a outras actividades presenciais.

5. O cuadrimestre e o curso serán as unidades temporais de organización académica e abranguerán os períodos de impartición de docencia presencial e os períodos dedicados á realización de probas de avaliación.



Artigo 7. *Plan de estudos*

1. O plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais establécese nos anexos.

2. Os centros educativos determinarán que disciplina ou disciplinas se impartirán nunha lingua estranxeira para garantir a adquisición da competencia transversal correspondente, seguindo as directrices que para tal fin estableza a consellería competente en materia de educación.

3. O principio de igualdade entre mulleres e homes integrarase de xeito transversal no desenvolvemento e na aplicación polos centros do plan de estudos establecido no decreto.

Artigo 8. *Creación de novas especialidades*

A consellería competente en materia de educación, unha vez vista a proposta dos centros, poderá propor a creación de novas especialidades, nos termos establecidos no artigo 8 do Real decreto 635/2010, do 14 de maio.

Artigo 9. *Avaliación*

1. De conformidade co artigo 9.1 do Real decreto 635/2010, do 14 de maio, a avaliación do proceso de aprendizaxe do/a estudante basearase no grao e nivel de adquisición e consolidación das competencias transversais, xerais e específicas definidas para estes estudos.

2. A avaliación será continuada, diferenciada por disciplinas e terá un carácter integrador en relación coas competencias definidas para cada unha delas no plan de estudos. A avaliación e a cualificación do traballo de fin de estudos será única e requirirá ter aprobadas a totalidade das disciplinas que integran o plan de estudos.

3. Os criterios de avaliación establécense no anexo I e serán obxecto de concreción nas guías docentes, e deben ser obxectivos e mensurables de acordo cos parámetros que os centros definan para tal efecto.

4. A obtención dos créditos correspondentes a unha disciplina requirirá superar as correspondentes probas de avaliación ou exames. No caso de disciplinas consideradas de contidos progresivos, o alumno ou alumna non poderá ser avaliado ou avaliada en tanto non teña superada a disciplina do mesmo nome e descriptor de cuatrimestre ou cuatrimestres anteriores, na orde correspondente.



5. A obtención do título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais requirirá a superación da totalidade das disciplinas, as prácticas e o traballo de fin de estudos que constitúen o plan de estudos.

6. Corresponde á consellería competente en materia de educación a regulación do proceso de avaliación e dos sistemas de cualificación, así como o establecemento dos documentos oficiais correspondentes de avaliación, respectando, na regulación que poida efectuarse dos sistemas de cualificación, o disposto no artigo 5 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro.

Artigo 10. *Recoñecemento e transferencia de créditos*

Para a transferencia e recoñecemento de créditos nas ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais observárase o disposto no artigo 10 do Real decreto 635/2010, do 14 de maio, e no artigo 6 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, así como nas normas que, en desenvolvemento destas previsións, dite a consellería competente en materia de educación.

Artigo 11. *Participación en programas de mobilidade de estudantes e profesores/as e prácticas dos/as estudantes*

1. A consellería competente en materia de educación establecerá medidas que faciliten o intercambio e a mobilidade dos/as estudantes, titulados/as e profesorado das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais no Espazo europeo de educación superior, dentro dos programas europeos existentes conforme a súa propia normativa. A consellería competente en materia de educación tamén poderá crear outros programas de carácter específico para estas ensinanzas.

2. A consellería competente en materia de educación, ou os centros de ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, fomentarán a sinatura de convenios de cooperación con institucións e empresas, a fin de impulsar a mobilidade e o intercambio de profesores/as, investigadores/as e estudantes destas ensinanzas, e para a realización de prácticas externas por parte do alumnado que cursa estas ensinanzas.

Disposición adicional primeira. *Alumnado con discapacidade*

1. No marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e



da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.

2. A consellería competente en materia de educación adoptará as medidas oportunas para a adaptación do presente plan de estudos ás necesidades do alumnado con discapacidade.

Disposición adicional segunda. *Formación do profesorado*

1. A consellería competente en materia de educación propiciará plans de formación do profesorado, relativos ao coñecemento dos principios, a estrutura, a organización, as novas metodoloxías e os sistemas de avaliación e investigación correspondentes ao Espazo europeo de educación superior.

2. Asemade, a consellería competente en materia de educación, por proposta dos centros, desenvolverá plans de formación do profesorado para a actualización e afondamento das disciplinas propias da conservación e restauración de bens culturais nos seus diferentes ámbitos, así como formación concreta en galego, con coñecemento do vocabulario específico.

Disposición adicional terceira. *Incorporación de alumnado procedente de plans anteriores*

De acordo co previsto na disposición adicional cuarta do Real decreto 635/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a consellería competente en materia de educación, a través da dirección xeral correspondente, establecerá o sistema de recoñecemento de créditos ao alumnado procedente de plans de estudos anteriores, que debe superar a formación adicional que se determine.

Disposición adicional cuarta. *Organización de ensinanzas conxuntas con outras institucións de educación superior*

A consellería competente en materia de educación poderá, mediante convenio con outras institucións de educación superiores nacionais ou estranxeiras, organizar ensinanzas conxuntas conducentes á obtención dun único título superior oficial e de máster.



Disposición adicional quinta. *Recursos humanos e materiais*

Atendendo ás directrices do proceso da converxencia das ensinanzas artísticas superiores no Espazo europeo da educación superior, a consellería competente en materia de educación procederá á ordenación dos recursos humanos e materiais, de xeito que se garanta o mellor uso destes recursos, con criterios de racionalidade e eficiencia.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

1. Queda derogada a Orde do 20 de febreiro de 1992 pola que se aproba o currículo e se regulan as ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais.

2. Igualmente, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto. En concreto, queda derogada a Orde do 30 de setembro de 2010 pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en conservación e restauración de bens culturais na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao, agás o establecido nos seus artigos 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 18, 19, 20, 22, 24 e 25, así como a disposición adicional segunda, que manterán a súa vixencia en todo o que non se opoña ao disposto neste decreto, en canto non se diten as normas para o seu desenvolvemento.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento do que se establece no presente decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e nove de outubro de dous mil quince

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



ANEXO I

Competencias transversais e xerais e criterios de avaliación do título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais**Competencias transversais dos/as titulados/as superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais**

Ao rematar os seus estudos os/as titulados/as superiores de conservación e restauración de bens culturais deben posuír as seguintes competencias transversais:

T1. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.

T2. Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.

T3. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.

T4. Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.

T5. Comprender e utilizar, polo menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.

T6. Realizar autocrítica do propio desempeño profesional e interpersonal.

T7. Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.

T8. Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.

T9. Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.

T10. Liderar e xestionar grupos de traballo.

T11. Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.

T12. Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.



T13. Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

T14. Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.

T15. Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

T16. Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.

T17. Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

Competencias xerais dos/as titulados/as superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais

Ao rematar os seus estudos os/as titulados/as superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais deben posuír as seguintes competencias xerais:

X1. Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuño documental para o seu respecto e transmisión.

X2. Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.

X3. Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas da súa deterioración para avaliar o estado de conservación.

X4. Determinar os exames ou análises precisas e avaliar os seus resultados.

X5. Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración máis axeitado.

X6. Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e restauración.

X7. Diseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración.



X8. Desenvolver habilidades, destrezas e sensibilidades para aplicar e realizar os tratamentos de conservación e restauración.

X9. Coñecer e aplicar a deontoloxía profesional e a normativa relativa aos bens culturais e a súa conservación e restauración.

X10. Coñecer a evolución histórica do concepto de ben cultural e dos criterios de conservación-restauración e das principais institucións competentes na conservación do patrimonio.

X11. Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros/as profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinar.

X12. Elaborar proxectos de conservación-restauración, determinar pregos de prescricións técnicas e elaborar orzamentos.

X13. Dirixir equipos de conservación-restauración.

X14. Coñecer a lexislación relativa ao exercicio profesional e aos recursos básicos para a incorporación ao mercado laboral.

X15. Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde, e a súa aplicación para o/a restaurador/a, os bens culturais e o ambiente.

X16. Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados.

X17. Determinar e aplicar as condicións axeitadas para a conservación preventiva do ben cultural *in situ*, durante a súa exposición, almacenamento, transporte ou depósito.

X18. Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.

X19. Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.

X20. Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación-restauración.



Criterios de avaliación comúns ás titulacións das ensinanzas artísticas superiores

1. Afacerse a condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
2. Amosar condutas de liderado responsable na xestión de grupos de traballo.
3. Amosar unha actitude autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.
4. Amosar unha actitude de responsabilidade no uso dos medios e recursos ao seu alcance en relación co patrimonio cultural e ambiental.
5. Apreciar a importancia da sensibilización social respecto do valor do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.
6. Apreciar a sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.
7. Colaborar de modo integrado en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
8. Comprender e usar, polo menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.
9. Esforzarse no traballo autónomo.
10. Formular razoada e criticamente ideas e argumentos.
11. Localizar e compilar información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
12. Manexar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
13. Manexar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
14. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.



15. Preocuparse por buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

16. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.

17. Usar as habilidades comunicativas e amosar unha actitude crítica construtiva no traballo en equipo.

18. Valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

Criterios de avaliación xerais do/a titulado/a superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais

1. Amosar capacidade de colaboración e traballo en equipo con outros/as profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinar.

2. Amosar capacidade para dirixir equipos de conservación-restauración.

3. Amosar capacidade para obter, expoñer, debater e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación-restauración.

4. Amosar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamento de emprego de materiais para a conservación e restauración.

5. Aplicar as medidas e normas de seguridade e saúde ao/á restaurador/a, os bens culturais e o ambiente.

6. Aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.

7. Avaliar o estado de conservación do ben cultural.

8. Colaborar nos diferentes tipos de proxectos de conservación-restauración participativos.

9. Coñecer e aplicar a deontoloxía profesional e a normativa relativa á conservación e restauración dos bens culturais.



10. Coñecer e aplicar a lexislación relativa ao seu ámbito profesional e os recursos gráficos para a incorporación ao mercado profesional.

11. Coñecer e decidir sistemas e tratamentos de conservación e restauración.

12. Coñecer e identificar a través da realización dos procedementos e técnicas empregados na elaboración do ben cultural.

13. Coñecer o contexto social, cultural e económico do ben cultural, con especial atención ao seu significado como testemuño documental para o seu respecto e transmisión.

14. Coñecer o desenvolvemento histórico do concepto de ben cultural e dos criterios de conservación-restauración, e das principais institucións competentes na conservación do patrimonio.

15. Coñecer as análises para a identificación da composición material constitutiva do ben cultural.

16. Coñecer os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.

17. Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde.

18. Determinar e aplicar as condicións axeitadas para a conservación preventiva do ben cultural *in situ*, durante a súa exposición, almacenamento, transporte ou depósito.

19. Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.

20. Elaborar proxectos de conservación-restauración, determinar pregos de prescricións técnicas e elaborar orzamentos.

21. Identificar as alteracións e as causas da deterioración do ben cultural.

22. Resolver e decidir os criterios de intervención, o tratamento de intervención, conservación e/ou restauración máis axeitado.

23. Resolver e decidir os exames ou análises precisos e avaliar os seus resultados.



24. Valorar a eficacia dos tratamentos realizados.

25. Valorar as habilidades, destrezas e sensibilidades para aplicar e realizar os tratamentos de conservación e restauración.

ANEXO II

Cadros lectivos, descritores/contidos e competencias das disciplinas dos cursos comúns do título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais

Para os efectos do presente decreto, as abreviaturas que figuran nos cadros lectivos do título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais teñen o seguinte significado:

Carácter: carácter da disciplina (F.B.: formación básica; O.E.: obrigatoria na especialidade).

Tipo: T.: teórica; T.P.: teórico-práctica; P.: práctica.

Horas clase/semana: horas de clase programadas semanalmente coa presenza do/a profesor/a.

Horas clase/curso: horas totais de clase coa presenza do/a profesor/a, que unha disciplina debe ter ao longo do ano académico.

Créditos ECTS: créditos ECTS asociados a unha disciplina, e que se recoñecerán ao alumnado logo de superala.

O plan de estudos conducente ao título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, en calquera das súas especialidades, esténdese ao longo de 38 semanas lectivas completas para cada un dos cursos académicos en que se desenvolve.

Cadro lectivo: 1º curso común

Materia	Disciplina	Carácter	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/curso	Créditos ECTS
				1º cuad.	2º cuad.		
Principios técnicos e metodolóxicos da conservación-restauración.	Principios técnicos e metodolóxicos de conservación-restauración	F.B.	T.P.	8	----	144	7
	Prácticas de reintegración.	F.B.	T.P.	----	8	144	7



Materia	Disciplina	Carácter	Tipo	Horas clase/semana		Horas clase/curso	Créditos ECTS
				1º cuad.	2º cuad.		
Conservación preventiva: bens <i>in situ</i> , depósito, exposicións e traslados.	Principios de conservación preventiva I.	F.B.	T.	2	----	36	3
	Principios de conservación preventiva II.	F.B.	T.	----	2	36	3
Procedementos e técnicas artísticas.	Debuxo e cor.	F.B.	T.P.	4		144	7
Recursos informáticos aplicados á conservación-restauración.	Informática aplicada á documentación.	F.B.	T.P.	3		108	6
Química, física e bioloxía: fundamentos e aplicación á conservación-restauración.	Fundamentos de física e química.	F.B.	T.	3		108	6
	Bioloxía aplicada á conservación-restauración.	F.B.	T.	2		72	4
Historia dos bens culturais.	Historia da arte e os bens culturais I.	F.B.	T.	3		108	7
	Antropoloxía e patrimonio etnográfico.	F.B.	T.	2		72	4
Teoría e historia da conservación-restauración e normativa para a protección do patrimonio.	Teoría e historia da conservación-restauración.	F.B.	T.	2		72	6
Totais:				29	29	1.044	60

Descritores/contidos e competencias das disciplinas do 1º curso común do plan de estudos do título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais

Disciplina:	Curso:	Especialidade:
Principios técnicos e metodolóxicos da conservación-restauración	1º	-----
Descritor/contidos: – Introducción teórico-práctica ás técnicas básicas de conservación-restauración e aos criterios de intervención. – Equipamento, instrumental e materiais para a conservación-restauración. – Manexo de ferramentas e prevención de riscos no taller. Criterios básicos en función da localización, significado e uso. – Criterios e metodoloxía da conservación-restauración. – Estudo das alteracións máis frecuentes dos bens culturais para establecer diagnoses e propostas de tratamento. – Elaboración de informes.		



Competencias que se adquiren		
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
	T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
	T6	Realizar autocrítica do propio desempeño profesional e interpersonal.
	T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
	T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
	T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
	T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.
Xerais	X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas da súa deterioración para avaliar o estado de conservación.
	X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración máis axeitado.
	X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e restauración.
	X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración.
	X8	Desenvolver habilidades, destrezas e sensibilidades para aplicar e realizar os tratamentos de conservación e restauración.
	X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde, e a súa aplicación para o/a restaurador/a, os bens culturais e o ambiente.
	X16	Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados.
	X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.
Específicas	-----	-----

Disciplina:	Curso:	Especialidade:
Prácticas de reintegración	1º	-----
Descritor/contidos: – Execución de tratamentos de conservación básicos nos diferentes tipos de materiais mediante prácticas sobre maquetas ou obra real. – Reintegración cromática: criterios, materiais e técnicas. – Reintegración estrutural: criterios, materiais e técnicas.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
	T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
	T6	Realizar autocrítica do propio desempeño profesional e interpersonal.
	T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
	T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.



Xerais	X2	Cofeecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
	X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración máis axeitado.
	X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e restauración.
	X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración.
	X8	Desenvolver habilidades, destrezas e sensibilidades para aplicar e realizar os tratamentos de conservación e restauración.
	X16	Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados.
Específicas	-----	-----

Disciplina:		Curso:	Especialidade:
Principios de conservación preventiva I		1º	-----
Descritor/contidos: – Conservación preventiva: concepto e evolución. Axentes de deterioración. – Fundamentos técnicos da conservación preventiva; sensibilidade dos materiais ante os factores de deterioración.			
Competencias que se adquiren			
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.	
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.	
	T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.	
	T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.	
	T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.	
	T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.	
	T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.	
Xerais	X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas da súa deterioración para avaliar o estado de conservación.	
	X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración máis axeitado.	
	X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e restauración.	
	X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración.	
	X9	Cofeecer e aplicar a deontoloxía profesional e a normativa relativa aos bens culturais e á súa conservación e restauración.	
	X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros/as profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinar.	
	X16	Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados.	
	X17	Determinar e aplicar as condicións axeitadas para a conservación preventiva do ben cultural <i>in situ</i> , durante a súa exposición, almacenamento, transporte ou depósito.	
	X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.	
Específicas	-----	-----	



Disciplina:		Curso:	Especialidade:
Principios de conservación preventiva II		1º	-----
Descritor/contidos: – Instrumentos e métodos de avaliación e control dos factores ambientais (iluminación, climatoloxía, contaminación, ...). – Recomendacións sobre conservación preventiva: documentos.			
Competencias que se adquiren			
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.	
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.	
	T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.	
	T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.	
	T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.	
	T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.	
	T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.	
Xerais	X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas da súa deterioración para avaliar o estado de conservación.	
	X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración máis axeitado.	
	X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e restauración.	
	X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración.	
	X9	Coñecer e aplicar a deontoloxía profesional e a normativa relativa aos bens culturais e á súa conservación e restauración.	
	X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros/as profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinar.	
	X16	Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados.	
	X17	Determinar e aplicar as condicións axeitadas para a conservación preventiva do ben cultural <i>in situ</i> , durante a súa exposición, almacenamento, transporte ou depósito.	
	X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.	
Específicas	-----	-----	

Disciplina:		Curso:	Especialidade:
Debuxo e cor		1º	-----
Descritor/contidos: – Debuxo artístico e técnico: conceptos e técnicas relativas á representación gráfico-plástica dos obxectos, formas, calidades materiais e composicións bidimensionais e tridimensionais. – Representación da luz e dos parámetros cromáticos. – Sistemas de representación espacial.			



Competencias que se adquiren		
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
	T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
	T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
	T6	Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.
	T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
	T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
	T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.
	T12	Adaptarse en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
	T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.	
Xerais	X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
	X8	Desenvolver habilidades, destrezas e sensibilidades para aplicar e realizar os tratamentos de conservación e restauración.
	X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros/as profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinar.
	X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde, e a súa aplicación para o/a restaurador/a, os bens culturais e o ambiente.
	X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.
	X19	Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.
	X20	Ter a capacidade de obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación-restauración.
Específicas	-----	-----

Disciplina:	Curso:	Especialidade:
Informática aplicada á documentación	1º	-----
Descritor/contidos: – Nocións xerais de informática e a súa aplicación á conservación-restauración. – Normalización da información. Documentación automatizada. Internet. Bases de datos. – Introducción á elaboración de gráficos. Tratamento e integración da información. – Programas para a presentación da información. Aplicación de programas informáticos de xestión documental á conservación-restauración.		



Competencias que se adquiren		
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
	T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
	T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
	T6	Realizar autocritica do propio desempeño profesional e interpersonal.
	T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
	T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
	T12	Adaptarse en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
	T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
	T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.	
Xerais	X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuño documental para o seu respecto e transmisión.
	X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros/as profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinar.
	X12	Elaborar proxectos de conservación-restauración, determinar pregos de prescricións técnicas e elaborar orzamentos.
	X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.
	X19	Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.
	X20	Ter a capacidade de obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación-restauración.
Específicas	-----	-----

Disciplina:	Curso:	Especialidade:
Fundamentos de física e química	1º	-----
Descritor/contidos: – Fundamentos de física e química aplicados á conservación e restauración. – Estrutura da materia. – Disolucións. Reaccións químicas.		



Competencias que se adquiren		
Transversais	T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
	T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
	T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
	T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
	T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
	T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.
	T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.
Xerais	X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
	X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas da súa deterioración para avaliar o estado de conservación.
	X4	Determinar os exames ou análises precisos para avaliar os seus resultados.
	X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e restauración.
	X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros/as profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinar.
	X17	Determinar e aplicar as condicións axeitadas para a conservación preventiva do ben cultural <i>in situ</i> , durante a súa exposición, almacenamento, transporte ou depósito.
	X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.
	X20	Ter a capacidade de obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación-restauración.
Específicas	-----	-----

Disciplina:	Curso:	Especialidade:
